

NÚMERO 16/19

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e oito de novembro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os/as sres./sras. concelleiros/as D^a. María Pilar Taibo Fernández, D. Xosé Fernando Fariña Andrade, D^a. Rebeca Mourinho Neira, D^a. Ana Paola Mondaca González, D^a. María Soraya Salorio Porral, D^a. María José García Freire, D. José Luis Tellado Villares, D^a. María Pardo Fafián, D^a. Isabel Reimúndez Suárez, D^a. Laura Rodríguez Pena, D^a. María Nogareda Marzoa e D. Bregán Blanco González, asistidos polo Secretario Accidental da Corporación, D. Juan Esteban Méndez Leiva. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Non están presentes D^a. María Carmen Pose Varela e D. Manuel López Losada, que renunciaron a súa acta de concelleira/o. Por outra banda, escusa a súa ausencia D. Francisco Xosé Montouto Pérez e se incorporará no momento en que se sinala D^a. Raquel Bolaño Fariñas.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 15/2019.-

O sr. Alcalde comenta que o primeiro punto é aprobación da acta da sesión anterior.-

A sra. García Freire dille ao secretario accidental que sabe que non se pode plasmar todo o que se di nas intervencións, que o fai moi ben, mellor do que estaban acostumados, e engade que lle houbera gustado que tivera reflexado o comezo (esquezo dunha parte da historia) e o final da súa intervención (que ía ser aprobado) no punto da modificación de crédito 31/19. Crédito extraordinario 05/19: execución subsidiaria de demolición de edificio en Fiunchedo, 6, porque cambiaba o matiz un pouco da intervención, e conclúe que votarán a favor da súa aprobación.-

A continuación, apróbase por unanimidade dos 13 votos a favor (5 SM, 3 PP, 1 PSOE, 2 BNG e 2 AV) a acta da sesión anterior, núm. 15/2019, do 7 de novembro de 2019.-

2º.- Posta en coñecemento da renuncia da concelleira D^a. María Carmen Pose Varela.-

O sr. Alcalde dá conta da renuncia presentada por D^a. María Carmen Pose Varela, como concelleira, agradecéndolle todos estes meses o seu carácter construtivo e conciliador, certamente foi unha concelleira que eliminou a crispación dentro da discrepancia respectuosa nun ton conciliador no tempo que estivo na Corporación Municipal.-

3º.- Recoñecemento de compatibilidade dos membros da Corporación.-

A sra. Reimúndez Suárez comeza sinalando que traen a súa compatibilidade, que está prestando servizos como autónoma, que como informou o secretario accidental non son incompatibles co traballo no Concello de Sada. Engade que, en relación a súa compañeira, sra. Rodríguez Pena, non hai documentación porque actualmente se atopa nunha situación de excedencia.-

O sr. Blanco González salienta que el tivera presentado a documentación fai varias semanas, pero ocorre que non se puido tramitar antes da sesión plenaria do día de hoxe, fixo unha redución de máis da metade da súa xornada laboral no seu antigo traballo porque consideraba como prioridade traballar para o Concello de Sada e para os veciños e veciñas.-

A sra. Pardo Fafián agradece que se traía a Pleno o recoñecemento da incompatibilidade, porque se trata de algo no que insistiron en varias ocasións, indicando que deberán corrixir as declaracións de intereses, porque aparece que as sras. Rodríguez Pena e Mondaca González traballan a media xornada, e si non é así que se corrixa, porque a documentación debe estar actualizada.-

O sr. Alcalde indica que quere facer unha puntualización a sra. Mondaca González.-

A sra. Mondaca González aclara que ela tamén trouxo toda a documentación, engade que lle falta un documento, un certificado, para poder traelo a Pleno, pero confirma que está a media xornada, nunha asociación, cun cargo de secretaria técnica, que considera que é totalmente compatible e espera que veña ao próximo Pleno.-

A sra. Salorio Porral felicita por traer a compatibilidade dalgúns membros do Goberno en novembro, cando no mandato anterior tardaron 6 meses, sabendo que é un trámite que cómpre facer antes do desempeño das dedicacións, e repite, como fai catro anos, que hai diferentes varas de medir, porque en 2011, cando se constituíu o Goberno Municipal a compatibilidade da sra. Pena Álvarez e dela mesma

foron cuestionadas por diferentes motivos, e non se lles incluíu na nómina ata que transcorreu aproximadamente mes e medio, período de tempo no que estiveron sen cobrar, pero en cambio os aquí presentes están cobrando dende o primeiro día sen ter presentado a compatibilidade, e pregúntase se haberá algún reparo de Intervención no aboamento das nóminas ou non, e pregúntase que hai catro concelleiras e un concelleiro con dedicación parcial, e veñen só dúas compatibilidades, e doutras dúas concelleiras xa se fixo referencia á súa situación e pregunta pola quinta.-

O sr. Alcalde dille que a quinta concelleira con dedicación parcial (a sra. Mouriño Neira) non traballa.-

A sra. Salorio Porral conclúe que votarán a favor por ser un trámite legal, e máis vale tarde que nunca.-

O sr. Alcalde sulíña que el estivo sen cobrar salario dende o 15 de xuño ata o 18 de xullo non recibiu ningunha remuneración por ser Alcalde de Sada, e o acordo podería ser perfectamente retroactivo.-

A sra. Salorio Porral pregúntalle se era por temas de compatibilidade.-

O sr. Alcalde respóndalle que non, pero que non ocorreu así noutros concellos da área metropolitana

Debatido o asunto, adóptase por unanimidade dos 13 votos a favor (5 SM, 3 PP, 1 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e ningunha abstención o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a compatibilidade solicitada por D. Bregán Blanco González como Concelleiro delegado dos servizos de Promoción da Saúde, Cohesión Social e Voluntariado, en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como monitor multidisciplinar (categoría 3.2 no Convenio colectivo de instalacións deportivas de Galicia) na empresa AQUALIA, S.A., nos centros deportivos de Oleiros, en horario continuo de 07:30 horas a 10:30 horas, de luns a venres, cunha retribución (mensual) bruta de 450,74.- euros, así como autorizar a compatibilidade solicitada por D^a. Isabel Reimúndez Suárez, como Concelleira delegada da Área de Benestar Social e Igualdade, en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada de autónoma para a confección de artigos textís, en horario de luns a sábado de 16:00 a 20:30 horas.-

2º.- Os anteriores recoñecementos de compatibilidade quedan condicionados a que as actividades se desenvolvan, en todo momento, en horario non coincidente co das funcións correspondentes aos cargos de concelleiro/a delegado/a, e non supoña en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes do/a concelleiro/a.-

4º.- Recoñecemento extraxudicial 4P-2019.-

A sra. Taibo Fernández comeza indicando que na contabilidade municipal constan facturas xustificadas de gastos do exercicio anterior que, por diversos motivos, non puideron ser imputados ao orzamento de 2018 por dificultade dos mesmos ou atraso na facturación dos provedores. Dadas as altura do ano nas que nos atopamos non é posible a tramitación dun expediente de crédito extraordinario, polo que existindo crédito adecuado e suficiente nas partidas orzamentarias, entendendo preferente a cancelación dos mesmos, parece oportuno no exercicio corrente asumir gastos provintes doutros exercicios. Visto o informe favorable da Intervención Municipal propónse ao Pleno o recoñecemento e obriga polos gastos provinte de exercicios anteriores por importe de 32.758,30.- €.-

A sra. Pardo Fafián comeza indicando que novamente se trae un recoñecemento extraxudicial a Pleno, por obriga de pagamento a provedores, estando totalmente de acordo con ese recoñecemento, pero entende que se están a dar subvencións nominativas encubertas a distintas asociacións, movementos culturais, etc. Dá lectura ás bases 36.3, 36.6 e 36.9 do proxecto de orzamento. Non pode ser que sirva para botar unha man a un clube do que, non sabemos, porque a sra. Nogareda non respostou á pregunta, se segue sendo directiva. Considera que se está a saltar a norma continuamente e que non se está analizando exhaustivamente desde Intervención esta serie de gastos, facendo fincapé que sexa un trato igualitario e xusto para todas as asociacións, clubs, movementos culturais, etc., debendo para iso ser subvencións en réxime de concorrencia competitiva, porque as asignacións a dedo son cousa doutro tempo.-

O sr. Tellado Villares comeza indicando que trae de novo un expediente de recoñecemento extraxudicial que novamente supón una quebra ao principio de anualidade orzamentaria, sinalando o sr. Interventor que para evitar este tipo de procedemento excepcional, práctica habitual en Sada, é preciso un maior control orzamentario previo á execución do gasto e máis axeitado á realidade municipal que evite estas actuacións extemporáneas, indicando que, como en expedientes anteriores, algúns contratos menores non poden ser considerados como tales debido ao seu elevado importe ou duración, falta de propostas de gastos e casos de presentación posterior á realidade do gasto, coa conseguinte falta de crédito, ou contratos menores sen acreditar previamente a capacidade do empresario, gastos executados

sen a conformidade do técnico municipal ou do concelleiro/a competente, e nas subvencións non se seguiu a tramitación legal establecida, falta de transparencia e de direccionabilidade do gasto. Engade que o seu grupo entende que tanto as asociacións coma os clubs teñen que cobrar, pero o seu voto será a abstención, porque non están de acordo como xestionan o concello, pero a sabendas de que será aprobado porque para iso teñen a maioría.-

A sra. Nogareda Marzoa resposta, en relación coa pregunta da factura do Pleno anterior, que a factura xa está localizada, pero polo tema do orzamento non puido ser traída, e engade que se trata dunha factura anterior ao seu nomeamento como Concelleira delegada de Educación e Deportes, e conclúe que sigue pertencendo a un clube e segue doando parte do seu tempo libre co cal non lle ve inconvincente.-

A sra. Pardo Fafián lémbrale que a pregunta era si seguía pertencendo á directiva, non ao clube.-

Neste momento se incorpora D^a. Raquel Bolaño Fariñas.-

Debatido o asunto, adóptase por 9 votos a favor (5 SM, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 5 abstencións (3 PP e 2 PSOE) o seguinte acordo:

Único.- A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas incluídas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 32.758,30.- €.-

5º.- Orzamento 2020.-

A sra. Taibo Fernández comeza indicando que se presenta o primeiro proxecto de orzamento deste mandato, correspondente ao exercicio 2020, no que se prima o investimento en servizos básicos e protección social, preséntase un orzamento en equilibrio, con todos os informes de Intervención favorables, cun importe de ingresos e gastos de 13.114.647,00 euros, o que supón un aumento do 2,82% respecto do orzamento anterior, prorrogado de 2018. No que atinxe aos ingresos, salienta que se produce unha minoración importante nos impostos directos, pola previsión de redución no IBI URBANO, polo paso de construción a rústica, e de acordo coas achegas a conta que semellan que a recadación vai ser inferior á do ano pasado. Prevese un incremento de arredor de 150.000 euros, polos prezos públicos dos novos servizos de CEIP Sada y sus Contornos e as actividades de promoción da saúde; outro incremento de 40.000 euros por transferencias doutras Administracións. Salienta que se produce un incremento do 10,2% no capítulo II de gastos por gasto social, asistencia no fogar, dependencia, SAF básico ou xantar na casa, etc. Aumenta o capítulo de bens públicos no que se inclúe o incremento nas partidas de centros escolares, axudas no transporte, asunción do servizo de comedor do CEIP Sada y sus Contornos; dos custes do aniversario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, o que supón una redución na partida de festas. No capítulo de investimentos se consigna crédito para a demolición do edificio do Náutico, e 100.000 euros para o arranxo de 4 pistas polideportivas en distintas parroquias, e obras de conservación do tellado da Axudantía, así como equipamento de praias, áreas caninas, marquesiñas, conservación de camiños públicos. Suliña que o Concello de Sada actualmente está libre de endebedamento con entidades financeiras, e conclúe que é un orzamento pensado por e para a xente, sendo a forma de facer política que ten o Goberno, onde se priman as necesidades sociais, a protección dos máis desfavorecidos, a educación e a cultura, como pilares fundamentais da sociedade.-

A sra. Nogareda Marzoa subscribe as palabras da sra. Taibo Fernández, salienta as partidas de reparación, mantemento dos centros escolares e do servizo de comedor do CEIP Sada y sus Contornos, que espera que sexa algo sostible no tempo e que se mantéña, así como a reparación e rehabilitación das pistas polideportivas, e buscar o apoio noutras institucións porque o deporte en Sada medra moito e a loxística é pequena. Continúa indicando que, coa creación de novas áreas, como a de Voluntariado e Cohesión Social, é preciso dotar no orzamento para levar a cabo actividades como os roteiros saudables, así como a reactivación de Protección Civil.-

A sra. Reimúndez Suárez comeza sinalando que están moi satisfeitas polas negociacións dentro do Goberno, un orzamento de 13.000.000 de euros, cun importante incremento nas partidas sociais, mellorando a calidade de vida da veciñanza de Sada, e suliña que no capítulo II se prevé un orzamento de máis dun 1.500.000 euros en partidas de protección social, o que supón que en Servizos Sociais teñan máis recursos económicos para atender: ás persoas na axuda no fogar, xa sexa por dependencia ou xa sexa por libre concorrencia; a partida de emerxencia social, máis de 60.000 euros para as súas necesidades básicas: vivenda, luz, auga, vales de alimentos; o servizo de xantar na casa, que implantou o Alcalde do BNG en 2009; as partidas de actividades de igualdade e de maiores, e outra partida específica de atención temperá, así como o incremento da partida da escola infantil municipal, que está pendente

de licitación, que tras un estudo económico comprobouse que era preciso, antes da licitación, o incremento do orzamento. En relación coa área de Promoción Económica e Emprego, salienta que non houbo recortes, que seguen apostando por actividades que fomenten o emprego e pola desestacionalidade dos eventos, mantendo algunhas e implementando outras novas.-

A sra. Bolaño Fariñas comeza pedindo desculpas por chegar tarde, que os voceiros dos grupos municipais que forman o Goberno deben ter unha visión completa, e non por áreas. Lembra que o venres, ás quince horas e trinta minutos se lles convoca para o luns para consensuar propostas no orzamento, tres días despois, isto é, un luns en xornada laboral, e sulíña que tiveron tempo durante 2 anos para só darlles 3 días á oposición para facer propostas, debendo dar tempo para achegar propostas, como se fan unha consulta cidadá en horario de oito a quince horas. Salienta que nos orzamentos hai unha suba nas partidas de cuestións sociais e educativas, pero critica que algunha desas partidas que se pretende subir é porque a Xunta de Galicia non asume as súas competencias ao 100%. Continúa indicando que, no capítulo de investimentos, a maioría ou case a metade está dedicada á demolición do Náutico, cando para a reforma de camiños é só de 30.000 euros, aínda que haxa subvencións doutras Administracións para estes camiños. Sorpréndelle que non apareza contemplado o Sadabús; nin tampouco o arranxo do pavillón polideportivo, que era urxente antes das eleccións municipais, cando a sra. Nogareda Marzoa sulíñou nunha sesión plenaria que sería algo a estudar nos orzamentos seguintes; tampouco aparecen as piscinas, co que o BNG fixo un cambio de cromos co tema do Náutico, aínda que pode ser que vaia en informes xenéricos, como ocorre na Xunta de Galicia; tampouco veu o Plan Especial do Porto; tampouco nada vai en relación coa rúa da Praia, nin tampouco da propia praia, para convertela na primeira praia accesible, e lembra que se lles dixo que era preciso un proxecto de estudo do borde litoral, que xa se encargou, que custou arredor de 10.000 euros; tampouco está contemplado o traslado do centro de saúde; conclúe que o Goberno Municipal está conformado por tres forzas políticas, pero, realmente, é un proxecto de Sadamaioría, e engade que o BNG acepta o tema do Náutico, despois de facer pública a súa posición, despois inclusive de plantexar que era precisa unha consulta cidadá antes da súa demolición, e dille á sra. Nogareda Marzoa que non entende que se plantexase o arranxo do pavillón polideportivo, que era urxente antes das eleccións municipais, e agora non se vea reflectida esa necesidade nos orzamentos, e está de acordo que, coa creación dunha nova área, para facer cousas, é preciso que se lle dote economicamente, porque, se non, unha concellería non ten futuro, e lembra que salvo Sadamaioría o resto de grupos da Corporación estaban dispostos a buscar unha alternativa, plantexaron unha consulta cidadá e pregúntase se van derrubar antes de consultar.-

A sra. García Freire repite as contías e salienta que ata o de agora estaban traballando co orzamento prorrogado de 2018 de 12.755.418 euros, agora traen un orzamento de 13.114.647,00 euros, o que supón un incremento de 359.229 euros, é a forma de xestionar o diñeiro de todos, fiscalizado polos técnicos, polo que estará ben, e dille que se eles tivesen o diñeiro que ten actualmente o Goberno, e presumen dun concello libre de débeda, grazas a que recibiron un concello libre de débeda, como o deixou o sr. Anido Varela, co que a Sada se notaría: polo seu aspecto, pola súa organización, polo seu progreso, non vendo ningún bo resultado neses aspectos, sendo a fórmula do Goberno, apoiado polos cidadáns, que lles vale, pero será que eles son máis perfeccionistas. Engade que o Goberno presume continuamente de que os seus orzamentos son moi sociais, como se os dos demais non o foran, e sinala que a Xunta de Galicia aumenta nesas partidas e por consecuencia eles tamén aumentan agora, pero tamén os sres. Chaves e Griñán eran moi sociables e onde acabaron os seus orzamentos, polo que non fan nada que non fixera ningún Goberno que estivese gobernando nestes tempos de emerxencia social nos que vivimos, e dille que o custe do Goberno é 36.000 euros máis co anterior Goberno. Lembra que lles ofreceron que fixesen propostas para o orzamento, e o fixeron dun día para outro, con seriedade e responsabilidade pero, coma sempre, non lles fixeron caso, e iso que, como dixo a sra. Taibo Fernández, son uns orzamentos pensados por e para a xente. Continúa sinalando que na súa proposta, fronte aos 207.000 euros, case o total dos investimentos, que destinan á demolición do Náutico, e lembra que uns se olvidaron de ler o Plan Xeral, outros de cualificar un edificio público como equipamento, e o Alcalde se suma as tese do concelleiro xusticeiro, sendo refén deles, polo que van dedicar 207.000 euros a tirar o Náutico, máis 200.000 euros que é o valor actual do edificio, polo que van chapotear 407.000 euros de diñeiro público, e dilles que o poden facer, e que pensen se é legal, e dilles que recorden que hai políticos presos por malversación, e que non o poden demoler se non hai razón de peso, e que a proposta do seu grupo é a pensada por e para a xente, empregar 85.000 euros, que custaría reformar o Náutico para adaptalo á legalidade, como lles propuxeron no anterior mandato, a modo de moción, en outubro de 2018, e por exemplo convertelo nun pavillón cuberto, non nunha pérgola, que é o termo que empregou algunha

periodista nun medio de comunicación, convertelo nun pavillón cuberto, aberto nos seus laterais, cumprindo coa normativa e a estética que o lugar se merece, puidendo aproveitar os seus andares inferiores tal e como o permita o Plan Xeral, e diríxese á sra. Reimúndez Suárez dicíndolle que é a gran decepción nestes momentos, porque no anterior mandato pelexou, ademais de maneira espectacular, e lembra que ela mesma a felicitou na rúa por este tema, esa era a súa idea, e sabe que é o sentir unánime de Sada. Segue indicando que o diñeiro que sobre, se destine á mellora no aparcamento do centro de Saúde, 122.000 euros por e para a xente, xente á que o sr. Alcalde engana co imposible de que vai baixar o centro de saúde, cando, a onde, cómo, e que hai unha serie de compromisos no Plan Xeral aos que no orzamento deberían facer referencia: adecuación e mellora do barrio de Fontán, da zona da Tenencia, temas de mobilidade municipal, de obtención de terreos para a ampliación do CEIP Sada y sus Contornos, adecuación e mellora da zona da Lagoa, que non aparecen reflectidos no orzamento, así como 23 accións do Plan Xeral que deben realizar dentro do primeiro cuatrienio, xa estamos no terceiro ano, e que 13 delas serían a cargo do concello, por un valor 4.205.240 euros, que, responsablemente non deberían deixar para o último ano, e non presupostaron nada. Conclúe que a súa proposta non a tiveron en conta, e critica a falta de previsión nas arcas municipais de varios aspectos: da expropiación feita no ano 2008 polo bipartito BNG-PSOE dos terreos para a construción da galescola e do centro de día en Mondego, no que se lles abonou en 2008 aos propietarios 186.814,30 euros e agora a resolución do tribunal de expropiación tasa en 1.303.325,26 euros, co cal haxa que aboar a diferenza, arredor de 1.100.000 euros, dese diñeiro que hoxe están xestionando; falta de previsión da implantación do quinto contedor, o contedor marrón, que vai separar os biorresiduos do resto de materia orgánica, que implicaría que a 31/12/2020 terán que estar colocados estes novos contedores por toda Sada, e implicará un custe dentro do orzamento, que tampouco prevén, e presumen de non chapotear en festas, pero consideran que é unha decisión totalmente equivocada, porque festas implica xente, xente trae economía, máis economía lle vai mellor a Sada, resúltalle curioso que reduzan a metade o orzamento en festas para ao final gastar o dobre, por medio de modificativos de crédito que van levando a Pleno ao longo do ano, para abonar o que non queren presupostar agora, polo que seu voto será en contra.-

O sr. Alcalde aclara que é un orzamento no que aumenta en maior proporción que a Xunta de Galicia o gasto social, cada vez hai máis diferenza entre os servizos sociais que son competencia da Xunta e o gasto total do Concello de Sada, concordando coa sra. Bolaño Fariñas, e engade que, moitas veces, a Administración máis próxima está suplindo os servizos que non son de competencia municipal, porque as Administracións competentes non os prestan, tanto o Estado, como a Xunta de Galicia, especialmente a Xunta, por tratarse de servizos perentorios, como son o servizo de axuda no fogar, que cando chegaron ao Goberno o básico era de 50.000 euros e agora é de 120.000 euros, e o dependencia era de 250.000 euros e agora alcanza os 575.000 euros, seguramente a metade de ano traerán un suplemento de crédito para atender á xente e para xerar traballos, e engade que o último, por importe de 40.000 euros supuxo que se atendera a 12 persoas máis e xerar 3 postos de traballo, é verdade que tamén serven para o pagamento de facturas que quedan no caixón, para atender aos pagos cos provedores, pero moitas veces se fan modificativos de crédito para arranxar colexios, para atender ás persoas, para atender aos máis débiles. Continúa expoñendo que se dota crédito para arranxar colexios, e engade que seguramente non sexa suficiente, dende 2017 asumiron, como competencia impropia, o mantemento do CEIP O Mosteirón, porque non poden mirar para outro lado coa comunidade escolar, e dicirlle vaian falar co xefe territorial que llo vai solucionar; ou para as escolas infantís, que ten un incremento na achega municipal, por importe de 36.000 euros, sen subir a tarifas aos usuarios e sen ter incremento na achega da Xunta de Galicia, cando é vergoñento, e na Asamblea da FEGAMP de mañá defenderá que haxa igualdade, porque a EIM de Mondego, xestionada pola Xunta, na que o Concello, ademais de levar mantemento, transfire 900 euros/alumno e hai outra EIM en Sada, con 128 alumnos, que so lle transfiren 421 euros/alumno, é unha vergoña que sigan con eses criterios de reparto, cando é unha obriga da Xunta de Galicia as escolas infantís de 0 - 3 anos, e salienta que asinaron un bo convenio para a xestión das escolas infantís de A galiña azul, antigas galescolas, e o seu antecesor non pagou á Xunta de Galicia, porque era tremendo ter que pagar 1.500 euros/alumno, eles negociaron e rebaixaron a cota, e lembra, dirixíndose ao sr. Interventor, que aínda teñen pendente a débeda dos anos anteriores; para iso presupostan 36.000 euros máis para a mellora das condicións laborais das persoas que van coidar aos máis pequenos, para as persoas que non traballen poidan acceder á xornada completa e non só a tres horas, como o de agora; 100.000 euros en pistas deportivas, que chegan tarde, pero hai que fomentar o deporte na base e procurar que a xente practique deporte en todo o termo municipal; o do quinto contedor, ata o ano 2025 están no Consorcio das Mariñas, que xestiona os residuos, que coa tarifa que se

está abonando lle chega para poñer o quinto, o sexto, o sétimo e o oitavo contedor. Refire que, en canto ás achegas para os plans especiais, van 160.000 euros; que, en relación á baixar o centro de saúde, están pendentes da resposta da Xunta de Galicia, sobre a viabilidade da parcela antes da obtención da mesma, porque noutros concellos houbo ofrecemento e non valía a parcela, queren un compromiso por escrito da Xunta de Galicia; en relación ao Sadabús, no pleno de agosto ou setembro deuse conta das alegacións presentadas polo concello de Sada ao Plan de Transporte Metropolitano onde se incluía a liña do Sadabús, será unha liña de interese municipal ou supramunicipal, agarda que sexa supramunicipal, e farán a transferencia á Xunta de Galicia que lles corresponda, por iso non vai ningunha partida; en canto aos Plans Especiais van 400.000 euros, se abren o perfil do contratante verán a cantidade de obras que foron licitadas no 2019 e o comparen cos anos anteriores, en relación coa execución orzamentaria dos últimos anos, salvo a época do Plan-E; en canto á proposta do PP sobre o Náutico, aínda que plantexan unha demolición total, para logo poñer unha pérgola enriba, entenden que o Náutico está integrado dentro do proxecto de recuperación integral do borde litoral, dende o Currunchos ata o Porto, existen informes da Universidade de que non ten interese arquitectónico e si ten un impacto natural e patrimonial pola súa proximidade a La Terraza e por atoparse nun vértice no que nunca debería estar, é un edificio que nunca debeu existir, hoxe mesmo foi a Xunta de Goberno Local a última obra de recuperación do Paseo Marítimo, está en licitación outras obras, escaleiras de Fontán, e o proxecto das piscinas está dende hoxe pagado, e conclúe que non enganar á xente, e que levaban claramente que no seu programa a demolición do Náutico, e a xente decidiu e eles están para cumprir o mandato.-

A sra. Nogareda Marzoa aclara que, ao longo de sucesivas reunións, chegaron ao acordo de ter un reparto equilibrado, máis ou menos acertado, so cando vaian facendo as cousas verase o resultado. Continúa dicindo que, dentro dos orzamentos, hai investimentos que non poden ir nun concello, iso non significa nin que non estean presentes, nin tampouco que non estean traballando para iso, senón que están plantexados para pedir axuda a outras institucións para poder levalos a cabo.-

A sra. Reimúndez Suárez salienta que é un orzamento cun importe incremento en partidas sociais, para a mellora da calidade de vidas das persoas, a oposición pretende ocultar as fortalezas do orzamento co tema do Náutico, non lle parece serio, porque este debate vai de orzamentos, e aclara que a súa posición segue a ser a mesma, a de sempre, se ven é certo que, de estar na alcaldía, buscarían outra solución que non implicase o seu derrubamento total, como dixo naquel pleno do pasado mandato, o BNG non cambiou de opinión en relación ao Náutico, pero non ían deixar de entrar no Goberno por falta de acordo en particular, para eles non é unha vergoña ceder nestes temas, porque o BNG é unha organización seria e distingue entre o dereito a discreción, dentro dun goberno plural, ou facilitar un goberno do PP; en Sada sempre estarán do lado de quen busquen gobernos que practiquen políticas diferentes ás que o PP aplicou en Sada, durante máis dun cuarto de século, políticas que crearon problemas nas arcas municipais e aberracións urbanísticas, como a do Náutico, ou a que veu ao Pleno anterior, O Meu Lar, sempre serán favorables a implantar políticas diferentes ás que practica o PP, en Sada e en todas partes, este orzamento cumpre con estes criterios, por iso terá o seu voto favorable. Engade que, por alusións, que en relación coa palabra equilibrio, acordaron a demolición por un cambio de cromos, como dicía a sra. Bolaño Fariñas, e salienta que o proxecto das piscinas vai saír adiante, e di que hoxe aprobaron o anteprojecto na Xunta de Goberno Local, e que están preocupadas de que saian este proxectos e non os do PP.-

A sra. Bolaño Fariñas comeza dirixíndose á sra. Reimúndez Suárez que, como se dirixiu ao PSOE e a bancada da oposición, que a súa primeira intervención foi dicir que apoiaban o investimento en cuestións educativas, en cuestións sociais, e que moitas veces o Concello de Sada, como outras entidades locais, están suplindo o que outras Administracións Públicas non fan. Continúa sinalando que está totalmente de acordo coa primeira parte da intervención que fixo o sr. Alcalde, pero matízalle que, ao Estado, igual que á Xunta, se hai que críticoalo, se lle critica, elas tamén, porque están para defender o Concello de Sada; en canto os modificativos de crédito para atender á xente e crear postos de traballo, como estamos no orzamento por transversalidade das políticas, entende que algo tería que dicir a Concellería de Emprego, e deberá vir reflectivo no proxecto de orzamento, porque en todo o que non sexa imprevisto non se pode fundamentar na creación de postos de traballo; en canto ás piscinas, terá que vir acompañado do investimento, e o sr. Alcalde dixo que ese proxecto debe encaixar no proxecto de recuperación do borde litoral, e saberán que xa ten encaixe; en relación cos investimentos doutras Administracións, como dicía a sra. Nogareda Marzoa, porque un concello non ten capacidade para asumir determinadas cuestións, pregúntase se refire ao pavillón deportivo municipal, criterio que non valía fai seis meses, sendo un criterio que ela comparte. Conclúe que, en calquera orzamento, sempre hai

unha partida de imprevistos, debendo haber un plan A e un plan B, e non escusarse se veñen outras Administracións, porque se chega esa achega, poderían destinar os cartos a outra cousa; resúltalle significativo que un Goberno conformado por tres forzas, como dicía a sra. Reimúndez Suárez, que ceder non podía ser consultar aos cidadáns que neste orzamento non fora a demolición do Náutico, iso tamén é consensuar e concordar, porque lembra que Sadamaioría converteu na precampaña e na campaña electoral a demolición do náutico no seu *leif motiv* de campaña, di que na vida hai que ser coherentes, nun goberno de coalición de a 3, o PSOE é a terceira forza desta Corporación e tamén é verdade que se o BNG segue pensando o mesmo, a aritmética desta Corporación pode sacar adiante a postura que segue mantendo.-

A sra. Taibo Fernández comeza sinalando que lle encantan as aclaracións que fai o PSOE en canto á falta de transparencia e a vontade de negociar deste Goberno, e refire o correo electrónico que se lle enviou o venres era para negociar as propostas de orzamento, como fixo o PP, que decidiu mandar as propostas posteriormente, e dá lectura ao correo electrónico do 19 de novembro de 2019, e aclara que están equivocados no tema da consulta cidadá, se non entenderon o derrubo do Náutico, Sadamaioría anunciou que, unha vez derrubado o Náutico, para os usos do solo, pero os resultados están á vista. Respóndelle ao PP que, en relación co aparcamento do centro de saúde, non poñen en dúbida a necesidade de mellorar ese espazo, pero son máis ambiciosos, ven máis necesidades nesa área, nesa zona, que só o aparcamento polo que teñen intención de incluír no POS a reordenación de toda a rúa Párroco Villanueva.-

A sra. Salorio Poral comeza sinalando que en outubro tivo unha reunión coa Conselleira en relación co estudo do geama, posteriormente lle enviou unha memoria valorada, para a canalización en Sada do río Maior, de Linares Rivas ata a desembocadura na praia, que lles entregou unha copia que lle pediran o 14 de novembro; tanto ese día como o 16 de novembro se publicou nos xornais o compromiso da Xunta de Galicia e da Deputación de asinar un acordo a tres partes, segundo sinala o artigo do día 14 se requirían informes técnicos favorables de Augas de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Deputación Provincial e da Demarcación de Costas en Galicia, e pregúntalle ao sr. Alcalde se dispoñen xa deses informes para poder afirmar que teñen o sí da Deputación Provincial da Coruña e da Xunta de Galicia, existe algún convenio ou acordo en firme entre as tres Administracións implicadas para esta obra, e segue preguntándose que se a resposta fose afirmativa onde está a partida de máis de 300.000 euros para a parte que lle corresponde achegar ao Concello de Sada, e continúa indicando que xa están acostumbrados a que o Goberno venda fume nos xornais, publique actuacións antes de telas, para así encher páxinas de xornais, publican cando o pensan, cando o valoran, cando o proxectan, así sucesivamente; son moitas palabras e poucos feitos, pouco valoran este proxecto e este convenio coa Xunta e coa Deputación cando non presupostan nin un céntimo por el, e lembra que o pasado fin de semana houbo nova nota nos xornais salientando o gasto social, punto estrela xunto co derrubo do Náutico, que foi rexeitado no mandato anterior por maioría dos votos, incluídos os do BNG, e agora publican que foi un dos puntos do acordo, das tres forzas que o compoñen e dille á sra. Reimúndez Suárez que cambiou na súa opinión, aínda que a sra. Reimúndez Suárez xa dixo que se mantén na súa opinión, non o comprende, non lle parece coherente, porque en outubro o defendeu moi ben, e agora muda a camiseta, e segue sulíñando que estes orzamentos van dilapidar un patrimonio aproximado dos sadenses de 200.000 euros e 207.000 euros polo derrubo, en total 407.000 euros aproximadamente, deberían preguntarse se iso é legal, porque non entenderon a súa postura, e pídelle ao sr. Alcalde que volva ler as súas propostas para o orzamento; diríxese á sra. Reimúndez Suárez de que cando fala dos 25 anos de goberno do sr. Rodríguez Ares e lémbrale que foi o seu socio de Goberno de 2015 a 2019, e as políticas do sr. Anido Varela foron as que trouxeron a solución ao Náutico, sen elas non estarían hoxe falando del; refírese que as partidas de política social que máis aumentan son a emerxencia social, e a axuda a domicilio e o xantar na casa, porque cada vez hai máis dependentes atendidos, de feito a Xunta de Galicia atende catro veces máis os dependentes que había cando chegou o sr. Feijóo ao Goberno da Xunta, e esquecen de mencionar nos medios de comunicación o incremento na partida por parte da Xunta de Galicia, que aumenta cada ano; todos desexarían que os trámites fosen máis áxiles e máis rápidos e que o servizo autonómico cubrixe o 100% das necesidades dos seus dependentes, pero iso é unha utopía, e o concello, como Administración máis próxima aos veciños ha de poñer a súa parte neste proceso, e lle pregunta ao sr. Interventor se os 736.000 euros reservados na sesión plenaria anterior, con cargo ao Remanente de Tesoureiría para a execución subsidiaria da demolición do edificio O Meu Lar, en Fiunchedo, núm. 6, non debería tamén figurar neste orzamento ou haberá que ir no seu día a outro recoñecemento extraxudicial; engade que non se contempla a indemnización a terceiros adquirentes de

boa fe, que deberá ser aprobada previa á demolición, que o xulgado retrasou dúas veces, que está fixada para abril próximo, ou é outra estratexia dilatoria, e continúa que esta mesma mañá o denunciante das dúas edificacións ilegais insta a actuar contra a promotora, aínda que se repercute á promotora, inicialmente terá que facerse cargo de forma subsidiaria, ao igual que outras partidas aprobadas e reservadas como a expropiación de terreos nas Brañas, actuacións municipais incluídas nas obras do POS, aínda non executadas e pregúntase se todas estas cantidades non deberían estar reflectidas neste orzamento, e remata que o sr. Interventor xa ten advertido que supón unha quebra ao principio de anualidade orzamentaria, xunto coa escasa capacidade de aforro dentro destes orzamentos para reaccionar ante imprevistos, algúns coñecidos e non previstos, como o abono dun 1.200.000 euros aproximadamente pendente de abono pola expropiación dos terreos do centro de día e da escola infantil de Mondego, as indemnizacións da execución de sentenza de Fiunchedo poderían pór en serios problemas a tesoureiría municipal, conscientes son e descoñecemento non van alegar, e respecto ao centro de saúde lle di que o consentimento para a parcela xa o teñen no Plan Xeral, aínda que a ela non lle parece o axeitado porque está nunha zona inundable.-

O sr. Interventor respóstanlle á sra. Salorio Porral que as cantidades que están incluídas no orzamento de 2019, como son os 736.000 euros, que foron incluídos a través de unha modificación de crédito, non teñen por qué incluírse nos orzamentos seguintes, porque unha vez liquidado o orzamento de 2019, de ser o caso de que non sexan executados, a través dunha incorporación de crédito, a través dun remanente, financiado polo propio remanente de tesoureiría, incorporárase ao orzamento de 2020. Iso non quere dicir que se fose intención do Goberno puidesen incluírse nos créditos iniciais, pero xa non financiándose con remanentes, senón con fondos propios do concello. El entende que é mellor a primeira das posibilidades, pero entende que a segunda tamén sería posible.-

O sr. Alcalde quere salientar que o sr. Anido Varela solucionou o problema, sobre todo o tema da concesionaria.-

A sra. Bolaño Fariñas dille que vai pedir turno de réplica.-

O sr. Alcalde continúa matizando que o sr. Anido Varela lle resolveu o problema á concesionaria, condonándolle 120.000 euros de canon dos últimos 8 anos e lle abonou 37.000 euros, en plena campaña electoral. Continúa indicando que si é certo que se produce un incremento da Xunta de Galicia nos servizos sociais, pero en moito menor proporción do que aumenta o crédito municipal, cada ano hai maior diferenza entre a achega municipal en servizos sociais, que son competencia da Xunta e que os financia en maior medida o concello, e conclúe que non se pode negar que o obxectivo do Goberno é incrementar as partidas sociais, os investimentos en servizos sociais.-

Debatido o asunto, adóptase por 9 votos a favor (5 SM, 2 BNG e 2 AV), 5 votos en contra (3 PP e 2 PSOE), e ningunha abstención o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio de 2020, o importe do cal queda fixado, en gastos, na cifra de 13.114.647.- euros (trece millóns cento catorce mil seiscientos corenta e sete euros), e, en ingresos, na cifra de 13.114.647.- euros (trece millóns cento catorce mil seiscientos corenta e sete euros), polo que aquel se presenta en equilibrio, e asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

GASTOS		INGRESOS	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1. Gastos de persoal	3.949.265,33.- €	1. Impostos directos	3.849.240,00.- €
2. Gastos en bens correntes e servizos	8.188.881,67.- €	2. Impostos indirectos	80.000,00.- €
3. Gastos financeiros	0,00.- €	3. Taxas e outros ingresos	3.964.657,00.- €
4. Transfer. Correntes	545.300,00.- €	4. Transf. correntes	4.738.650,00.- €
5. Fondo de Continxencia	0,00.- €	5. Ingresos patrimoniais	452.200,00.- €
6. Investimentos reais	416.000,00.- €	6. Enaxen.invest. reais	0,00.- €
7. Transfer. de capital	0,00.- €	7. Transf. de capital	19.900,00.- €
8. Activos financeiros	15.000,00.- €	8. Activos financeiros	10.000,00.- €

9. Pasivos financeiros	0,00.- €	9. Pasivos financeiros	0,00.- €
TOTAL	13.114.647,00.- €	TOTAL	13.114.647,00.- €

2º.-Aprobar as Bases de Execución do citado Orzamento.-

3º.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello para 2020 que se contén na documentación do Orzamento, dándolle a tramitación establecida nas disposicións vixentes.-

4º.- Expoñer ao público o Orzamento por prazo de quince días hábiles, para presentación de reclamacións conforme ao disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, considerándoo definitivamente aprobado de non se presentar reclamacións no período de exposición pública, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, así como a remisión de copia del á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido de disposición legais vixentes en materia de réxime local, e 169.3 e 4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Control de Órganos de Goberno:

6º.- Informes e comunicacións.-

6.1º.- O sr. Alcalde dá conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia no período comprendido entre o 04/10/2019 e o 22/11/2019.-

6.2º.- O sr. Alcalde dá lectura a unha declaración institucional acordada por todos os grupos municipais con motivo do 25 de novembro:

“Con motivo da conmemoración, o pasado luns 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia Machista, o Concello de Sada quere expresar o seu firme compromiso coa loita contra os asasinatos e agresións machistas e coa mudanza dos elementos estruturais que as xeran e perpetúan.-

Cada muller asasinada cuestiónanos como sociedade. Son persoas ás que se lles arrebatou a súa vida só polo feito de ser mulleres. Son tamén fillos e fillas orfas, familias e amigos e amigas desfeitos pola dor.-

Como representantes institucionais, temos a obriga de redobrar os nosos esforzos na loita para erradicar a violencia machista en todas as súas formas.-

Un problema que, aínda hoxe, algúns tratan de negar ou disimular baixo unha suposta e xenérica “violencia familiar” ou “intrafamiliar”. Alto e claro rexeitamos este nefasto revisionismo. Existe un problema social de violencia contra as mulleres. A realidade demóstrao.-

Como recorda a ONU na súa campaña para este ano, en todo o mundo unha de cada tres mulleres sufriu violencia física ou sexual, principalmente por parte do seu compañeiro sentimental. Só un 52% das mulleres casadas ou que viven en parella deciden libremente sobre as súas relacións sexuais. Preto de 750 millóns de mulleres e nenas casáronse antes de cumprir os 18 anos e alomenos 200 millóns sufreron mutilacións xenital feminina.-

Unha de cada dúas mulleres sufriron en 2017 polo seu compañeiro sentimental ou por un membro da súa familia. En todo caso, homes e a proporción foi 1 de cada 20. O 71% de tratas en todo o mundo son mulleres e nenas e 3 de de cada 4 son utilizadas con fins de explotación sexual. A violencia contra a muller é unha causa de morte e incapacidade con enfermidades tan graves como o cancro, e repercute na súa saúde máis que os accidentes de tráfico ou a malaria xuntos.-

Frenar este tipo de violencia require unha actuación en múltiples campos: xustiza, emprego, servizos sociais, ou información, que fan indispensable unir esforzos entre todas as Administracións e entre todos os axentes sociais e conseguir unha resposta coordinada e eficaz e interdisciplinar.-

Por todo iso, a o Concello de Sada comprométese a incrementar a perspectiva de xénero en todas as súas actuacións . Así mesmo, comprométese a traballar, en colaboración co resto de administracións, para incrementar os medios e os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia de xénero”.-

7º.- Mocións.-

O sr. Alcalde di que hai unha moción presentada en tempo e forma.-

7.1º.- Moción presentada polos grupos municipais de SM, BNG e AV de apoio á folga da atención primaria convocada para os días 27 e 28 de novembro de 2019.-

O sr. Blanco González xustifica a urxencia da moción presentada o 27 de novembro (rexistro de entrada núm. 8391/2019), por motivos de urxencia, precariedade e abandono progresivo, que acontece na atención primaria dos centros de saúde galegos.-

Sometida a votación a urxencia da moción, a mesma resulta aprobada por unanimidade de 14 votos a favor (5 SM, 3 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).-

O sr. Blanco González dá lectura á moción presentada.-

A sra. Reimúndez Suárez di que son conscientes da preocupación social polo tema da sanidade pública, fala de gravísimo deterioro no servizos de atención primaria, o que motivou a folga de onte e hoxe, a sanidade pública está a sufrir un deterioro que non se corrixe no proxecto de orzamentos da Xunta para o ano que vén porque mantén un recorte do 10% en relación ao ano 2009, unha década despois, o orzamento de atención primaria computa 142 millóns de euros menos, dende o BNG solicitan incrementar o persoal e os investimentos para a atención primaria para acabar coa masificación nos centros de saúde e a precariedade asistencial que supón, sendo unha constante saír do centro de saúde de Sada e escoitar queixas dos usuarios, e o seu voto será favorable.-

A sra. Bolaño Fariñas manifesta que están de acordo co sentir da moción, que está habendo un desmantelamento ou falta de aposta coas necesidades actuais que require o sistema sanitario, hai demandas dos verdadeiros afectados, que son os profesionais: falta de infraestruturas, de persoal, de dotación económica, etc., amosando todo o seu apoio, e critica que a Xunta saque titulares pero logo non haxa investimentos en cambios e mellora, e di que en relación co Goberno de Sada, debería buscarse o consenso de todo o Pleno, e engade que se a moción é presentada por SM, BNG e AV non pode vir co logotipo do Concello de Sada, tería que vir cos logotipos dos partidos políticos.-

A sra. Salorio Porral comeza sinalando que a folga está tendo un seguimento escaso, fálase do 12%, e os propios convocantes falan de entre un 40 e un 60%, sendo unha porcentaxe baixa, e respecto aos puntos, indica que: a estrutura de xestión de atención primaria están publicados os decretos de creación das Xerencias de atención primaria en todas as áreas sanitarias da Subdirección de Atención Primaria na estrutura do Sergas, nas comisións de primaria de área; 30 pacientes xeneraría unha importante lista de agarda, e pregúntase qué farían coas urxencias que superan os 30 pacientes ao día; oferta todas as prazas é imposible, por ilegalidade, está vixente a taxa de reposición que o impide facer, Galicia convocou sempre as prazas permitidas pola lexislación básica, e a taxa de reposición foi un invento do sr. Zapatero, o 10%, que houbo que manter pola crise, que foi incrementada polo goberno do PP ata o 100%, e en Galicia estase a aplicar o 108%, permitido polo cumprimento do déficit, e aplicando á Sanidade as que correspondían a Educación e a Administración Xeral; a cobertura do 100% de todas as ausencias de todas as categorías é imposible, pola inexistencia de bolsas de parados en mención de familia e pediatría, entre outras especialidades, non é un problema de recortes, nen a situación é un problema exclusivo de Galicia, xa son 14 as Comunidades Autónomas con módulo de tarde para primaria, o 50% dos médicos e dos enfermeiros non teñen substitutos en verán, os médicos esixen un plan nacional ante a falta de facultativos en primaria, como ocorre en Murcia ou Asturias. Non figura a retirada da taxa de reposición en sanidade no programa do sr. Sánchez; o orzamento en Sanidade é de 4.109 millóns de euros, o maior da historia, cun 32% para a atención primaria, incrementándose un 3% a diferenza da Comunidade Valenciana, que é o 1%, conclúe que se está mellorar a Sanidade en Galicia, polo que non van apoiar a súa moción.-

O sr. Blanco González salienta que os datos son da assemblea de facultativos, do 13 de novembro, que en Sada houbo casos de 68 e 70 citas a un facultativo nun día, son atencións de 40 segundos, polo que é imposible atender a un paciente, considera que é complicado sacar todas as vacantes da Oferta de Emprego Público, pero eles o piden, en canto á cobertura do 100% das ausencias, en todas as categorías, porque os médicos van de vacacións, coma todas, e eles queren agrupar a profesionais para unha agrupación permanente e garantir dous pediatras por centro, habendo pediatras con menos de 600 cativos na súa axenda, en Sada e Bergondo hai 2.159, e onde haxa 600 queren que se faga unha agrupación para que ese profesionais poidan dar servizo noutros centros e así evitar ter un pediatra con 2.000 cativos, piden eliminar as pediatrías itinerantes, mellorar a retribución, porque non é mesmo o salario no hospital que nun centro de saúde, en canto ao orzamento específico e propio inclúen as receitas e non chega ao 25%; en Vigo e Ourense poden acceder a todas as probas diagnósticas, pero non en Santiago e Pontevedra, non entende o cambio de criterio.-

A sra. Bolaño Fariñas insiste en preguntar se se vai retirar á referencia ao Goberno para incluír a todos os que queiran votar a favor, e engade que se deixe traballar aos que coñecen, aos profesionais, existe precariedade laboral do sector, se é normal contratos de mes a mes, de semanas ou mesmo de días, o copago xenera desigualdade que xenera perigo na saúde das persoas, e un perigo porque se as enfermidades non se tratan, existe un perigo de saúde pública.-

O sr. Alcalde pregunta se o PP tamén se suma á moción.-

A sra. Salorio Porral anuncia que votarán en contra, que non se suman á moción, porque dispoñen dunha atención primaria excelente, accesible, resolutiva, con profesionais competentes, e haberá máis profesionais pola oferta de emprego público de 2019, porque se incrementou o número de prazas respecto á OEP de 2018 nas categorías específicas de atención primaria, e dá unha serie de datos sobre os profesionais sanitarios. Reitera que é imposible cubrir o 100% das ausencias pola falta de profesionais, dispoñibles, e insiste en que, na área sanitaria da Coruña, non existe un problema de que non haxa atención homoxénea.-

Debatido ao asunto, adóptase por 11 votos a favor (5 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), 3 votos en contra (3 PP), e ningunha abstención, o seguinte acordo:

Único.- Solicitar á Xunta de Galicia:

1. Xerencia de Atención Primaria: Recuperar a estrutura de xestión de atención primaria a 3 meses.
2. Tempo para atención ao paciente: limitación de 30 citas por día.
3. Estabilidade e non precariedade: oferta e convocatoria de “todas” as vacantes de “todas” as categorías mediante OPE.
4. Cobertura do 100% das ausencias de “todas” as categorías.
5. Orzamento específico e propio de Atención Primaria ata acadar o 25%, a razón dun incremento mínimo anual de 3 puntos porcentuais.
6. Atención homoxénea en todas as áreas sanitarias:
 - Garantir a derivación de presenza física a todos os servizos hospitalarios.
 - Tele-consulta en todos os servizos hospitalarios e resposta en menos de 7 días.
 - Acceso a todas as probas diagnósticas.

8º.- Rogos e preguntas.-

A sra. Pardo Fafián formula as preguntas e realiza os rogos seguintes:

1ª) Pregunta se se van a responder as preguntas que quedaron sen responder na sesión plenaria anterior, para dar cumprimento ao disposto no artigo 65.3 do ROM, unha xa fai respostada pola sra. Nogareda Marzoa, chegou o informe do SEM e a certificación da instalación do parque, pero non o Atestado da Policía Local de Sada, o resto de preguntas xa se foron contestando.-

O sr. Alcalde respóstalle que se lle enviou toda a documentación que se remitiu ao xulgado.-

2ª) Pregunta cando comezarán as actividades para as persoas con diversidade funcional.-

A sra. Reimúndez Suárez respóstalle que conta que a partir de xaneiro xa se estea prestando o servizo.-

3ª) Pregunta se no POS 2020 vai haber algún investimento para a licitación do proxecto da rúa Praia, no proxecto de 11.000 ou 12.000 euros.-

O sr. Alcalde dille que se lle responderá por escrito.-

4ª) Pregunta se un contrato de persoal laboral temporal se pode manter no tempo máis de dous anos, porque se acaba de aprobar un proxecto de orzamento, que inclúe un cadro de persoal fixo, pe non se dota a praza de técnico de deportes, cando é unha praza que está cuberta temporalmente dende setembro ou outubro de 2016, e tamén observan na relación de decretos que se están facendo contratos por acumulación de tarefas para persoal na Casa da Cultura, que é preciso facer, pero entenden que se ese posto é preciso cubrir porque é preciso crear haberá que dotalo na oferta de emprego público, e así no proxecto de orzamento que se acaba de aprobar; insiste en preguntar se é posible un contrato de persoal laboral temporal durante máis de dous anos.-

O sr. Alcalde dille que lle contestarán cun informe preciso.-

1º) Roga que se lles habilite un local para o grupo municipal, accesible fóra do horario laboral, que estea dotado con ordenador, teléfono, impresora e conexión a internet.-

2º) Roga que, na recién asfaltada estrada que rodea a pista de patinaxe hai unha tapa de sumidoiros que se atopa afundida, que pode provocar un accidente a quen circulen en coche, bicicleta ou motocicleta; se dea parte á empresa autorizada.-

O sr. Fariña Andrade dille que xa está avisada.-

O sr. Tellado Villares formula a pregunta seguinte:

1ª) Pregunta se na obra de urbanización das rúas Cambre, Culleredo, Abegondo e Avenida de La Coruña, que supuxo a modificación da rede de pluviais e do seu punto de escorrentía, cambiando o seu verquido á rede municipal que discorría pola rúa A Lagoa, por un pozo de almacenamento que vai ás lagoas das Brañas, previa autorización de Augas de Galicia, unha vez rematadas as obras, considerando

que a obra tivo que inverter a pendente da rede de pluviais, quere saber a onde van escorrer na actualidade as pluviais destas catro rúas, especialmente despois destes dous meses de intensas choivas.-

O sr. Alcalde respóndelle que a pendente das pluviais existentes non se variou, senón que quedou inutilizada cando se fixo o recheo, para que sempre houbera auga nas rúas que tiñan pluviais, porque na rúa Culleredo era inexistente, e agora vacía por gravidade e cando acadan un determinado nivel van ao tanque de tormentas, e de ahí as bombas as verten para as Brañas, cando desborden o tanque.-

A sra. Salorio Porral formula unha pregunta e realiza un rogo:

1º) Roga que se lles convoque ás Mesas de Contratación, porque lles parece moi axeitado, pero pide que se se puidese facer cun pouco máis de marxe de antelación para a convocatoria, porque como non teñen dedicación ningunha, ás veces 24 horas é un prazo moi escaso para chegar a tempo.-

1ª) Pregunta, en relación coa obra do polígono de Sada-Cambre, cando está previsto que se execute esa obra, porque os empresarios da zona están moi preocupados e existe risco de accidentes.-

O sr. Alcalde respóndelle que el non está na Mesa de Contratación.-

O sr. Fariña Andrade respóndelle que a Mesa de Contratación está practicamente finalizada e falta adxudicar e que a empresa presente a documentación.-

A sra. García Freire formula dúas preguntas e realiza un rogo:

1ª) Pregunta, en relación coas obras do Centro de Formación Ocupacional de Osedo, que se iniciaron en febreiro de 2019, por un prazo de 6 meses, xa superado, por qué están paradas actualmente as obras.-

O sr. Alcalde respóndelle que houbo un modificación do proxecto porque a estrutura que se pretendía aproveitar non estaba nas condicións nas que se redactou o proxecto, e está rematado ese modificación para obter os permisos oportunos e posteriormente renovar a soleira enteira.-

2ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde, que acaba de responder á sra. Pardo Fafián que, en relación co accidente do parque, se lle mandou toda a documentación enviada ao xulgado, polo que pregunta se existe unha demanda ou reclamación por ese tema.-

O sr. Alcalde respóndelle que se trata do procedemento habitual cando había un accidente con lesións e poñer en coñecemento do xulgado se estiman que, de oficio existe algún tipo de responsabilidade, ou algún particular se quere persoar.-

1º) Rógalle ao sr. Alcalde que, como sempre remata coa última palabra, con frases que le parecen falsidades; que lles deixe aclarar, porque remata coa última palabra e non son certas as súas afirmacións, para que non sexa o último en intervir.-

O sr. Alcalde explícalle que segundo o ROM el pecha os debates e a súa intervención de hoxe foi para aclarar uns datos económicos.-

A sra. Bolaño Fariñas formula unha pregunta:

1ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde cal é a festa de fin do verán na Lagoa.-

O sr. Tellado Villares dille que a que se fai na pista do patín.-

A sra. Bolaño Fariñas insiste en que se trata dunha factura pola contratación dun inchable e un tobogán o 31 de agosto con motivo da celebración da festa do fin de verán na Lagoa, pero se trata dunha festa que fan os veciños sen estar constituídos en asociación.-

O sr. Alcalde dille que se trata desa festa.-

A sra. Bolaño Fariñas continúa preguntando se quere facer a festa de cumpreanos do seu fillo o Concello de Sada vaille pagar a carpa.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as once horas e quince minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario Accidental, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario Accidental que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html